

EN COL DAS ELEICTIONS NO CENTRO GALEGO

A nova versión de "Nuevo Correo", que co título de "Faro de España" se publica nesta Capital, no número correspondente o 30 do derradeiro mes de outubro, en comento tocante ás eleccións do "Centro Galego", pretende sinificar, con máis torpe intención que acerto, que delas xurde a derrota do galeguismo, perante o falanxismo centralista asoballador.

Certamente, a nós non nos sorprende, nen o burdo e groseiro linguaxe empregado polo gañapán amanuense falanxista que oficia de director, nen as ensarilladas e ridículas conclusións que do resultado electoral que nos ocupa pretende zugar. Seríanos moi decaído amosstrar a total falta de seriedade e fundamento dos conceptos expostos, se ó noso atacante poidéramos recoñecerlle un mínimo de xerarquía moral ou intelectual; mais, non imos descer ó nivel ético de quen está ó servizo da antipatria e da opreixón, o que, ademais, polo seu estilo cursi e rampón, máis que un xornalista semella unha beata.

O galeguismo, representado polo "Consello de Galiza" e a "Irmandade Galega", non ten a misión de gañar eleccións, nen no "Centro Galego" nen en nengunha outra institución da colexividade; os seus ouxetivos están por enriba de todo interese sectario ou agrupacionista, porque fican determinados por un ideal patriótico, o de reivindicar os dereitos políticos, sociais, culturais, etc., de Galiza. O galeguismo é pois, un patriótico evanxeo restaurador de todos os atributos diferenciais da nosa Terra, esmorecidos pola acción retardataria do centralismo hespañol, xermolo e berce de todos os atrasos e frustracións que cotan dende séculos o natural anxeio de progreso e superación dos nosos eidos. Así, pois, tencionar atribuírle ó galeguismo mingoados degoiros electorais, se pode caber en moleiras fechadas pola inforancia e o descoñecemento da honrosa traxectoria do mesmo, glorificada coa vida de ringleiras de heróis e de mártires sacrificados, precisamente, polo bárbaro fanatismo dese cesarismo hespañol, ó servizo de coal, teiman co cocarse algúns postulantes e guieiros das nosas institucións, aitude que nós coidamos é máis o froito da inforancia ou da vaidade, que dum conscente desexo de ofender a Galiza.

Mais a prescindente posición do galeguismo, no tocante a cuestións electorais das entidades representativas da nosa emigración, non supón nen moito menos, despreocupación ou esquecemento dos seus patrióticos deberes; emporiso, que en todo intre ficará presto a sinalar perante a opinión colextiva, a todo home, entidade ou agrupación que non observe unha nida e ben definida conduta co cumprimento dos seus deberes. E' mester que nos entendan, señores "mandamáis"; non se pode honrar e defender a Galiza, favorecendo ó mesmo tempo con servil acatamento, os intereses dos verdugos de Galiza. Ou se está coa patria, ou se está contra a patria; e mal poden representar ó noso martirizado país quens iradernizan cos representantes do réxime máis bárbaro e asoballador que teña padecido ó longo da súa historia.

Sinalar os desacertos ou claudicacións dos dirixentes ou entidades da nosa emigración, calisquer sexa a súa importancia, é pra nós un patriótico e moitas veces penoso deber, ó que non estamos dispostos a renunciar, sexa cal sexa o intre ou lugar en que se faga mester. Se ese feito se produxo en vésperas electorais, non está determinado por ningún cálculo electoralista, senón imposto pola circunstancial gravitación dos aconteceres colexitivos. Se hai agrupacións favorecidas ou perxudicadas, iso é tamén unha cuestión puramente circunstancial, motivada pola conduta ou a incoñdución das mesmas agrupacións, que serán merecentes do apoio e aprobación da opinión colextiva, na medida en que saiban ser fideis intérpretes do seu sentir patriótico e se manteñan ó marxen de todo manoseio político, ó que queren levalos certos vasallos do falanxismo, entre os que se destaca o "financista" de "Faro de España", de quen no próximo número teremos de publicar unha axeitada biografía, pra que a colexividade coñeza doidamente quens son os títeres que se moven no trastenda do entreguismo e da claudicación.

As finalidades do galeguismo, patrióticas ou democráticas, foron tamén bandeira de loita de todas as agrupacións participantes nas derradeiras eleccións da nosa máisima institución, que empapelaron as ruas da capital arxentina, prometendo ós electores oporse ó falanxismo centralista, pra dese xeito merecer o favor do seu voto. Que nós saibamos, nengunha agrupación fixo profesión de falanxismo e antidemocracia, senón todo o contrario. Onde está, entón, a derrota dos ideais do galeguismo, arraigados na conciencia da colexividade? Ou quere se dicir, talvez, que hai homes e agrupacións que manteñen unha conduta en público e outra en privado? Se tal é a situación, nós cumpriremos como sempre co noso deber de sinalar ós treidores e claudicantes, pero sómente ó reflexo de feitos concretos, endexamais, respondendo a incertas suposicións, porque non duidamos que en todas as agrupacións militan probados demócratas e galeguistas, que chegado o caso, saberán cumprir tamén coas obrigas que tal condición lles impón.

O galeguismo, repetimos, só está representado pola "Irmandade Galega" e o "Consello de Galiza"; poderá haber entidades ou agrupacións máis ou menos coincidentes cos seus postulados, pero aínda así, non son depositarias das doutrinas galeguistas e moito menos poden ser os eternos intrigantes que, carecentes de toda ética e decencia de procederes, órfos de todo apoio colextivo, ensaiando sómente manobras de baixa e ruín feitura, pódense sempre acarón dos que mandan, con noxento e servil vasalaxe, indino da nosa raza, andan á pereura de sacar ventaxes, coa pretensión de oficiar de persoaxes, nunha colexividade que como a nosa temos superado na interpretación dos ideais patrióticos e na diñidade e o respecto que merecen as institucións que tais ideais representan.

Infiltración Franquista na Nosa Colexividade

A colexividade galega, democrática e galeguista, baluarte na loita sen coartel contra o franquismo totalitario que opreixa ó noso povo, dun tempo a esta parte ven sendo ouxeto de teimosas infiltracións. O caso Lino Pérez, e o agasallo ó consul franquista no Centro Galego señor Logendro, non son feitos illados. "Faro de España" continuación de "Nuevo Correo" ex órgano franquista co seu axente de infiltración na nosa colexividade Fernán Mira, é outro feito que debemos sinalar a opinión pública galega, refugándose dos nosos meios colexitivos onde teima levar a confusión e o amolecemento na loita contra a ditadura franquista que asaballa a nosa terra.

A NOSA

TERREIRA

AÑO XLV

Buenos Aires, Marzal - Avril 1963

Nº 504

PREMIO CASTELAO ANO 1962

O Consello de Galiza, como é de coñecemento público, instituiu o premio anual "CASTELAO", consistente nun pergameu e unha medalla de ouro á institución ou persoa que no decorrer do ano máis se haxa distinguido na labouira de xerarquizar a Galiza a prol da súa cultura e no seu esprito particularizado.

O primeiro premio, ano 1961, foi-lle outorgado ó Centro Galego de Buenos Aires; e iste ano 1962 correspondeulle por unanimidade, e a proposta da Comisión de Cultura, ó Banco de Galicia de Montevideo, polo seu carácter de Banco dos galegos do Uruguai, como asinmesmo p as suas inqezanzas e realizacións a prol da cultura galega, e cursos literarios, exposicións de libros, de fotografías e de obras de arte de Galiza, destinando para tal ouxeto un porcentaxe dos seus dividendos.

Co gallo de facer entrega do galardón, trasladáronse á vicinia capital uruguiaia un fato de compoentes de Consello de Galiza, asistindo o día 30 de Xullo ppdo. a un extraordinario concerto sinfónico de música galega, orgaizado polo comité de sociedades galegas do Uruguai e co patrocinio do Banco de Galicia.

A segunda parte do programa entetouse co entrego do "Premio Castelao" ó presidente do Banco de Galicia, Don Xesús Canabal polo conselleiro Ramon Suárez Pita. Este pronunciou unhas afervoadas verbas en col da personalidade do señor Canabal e da institución bancaria que ele preside, pondo de to a extraordinaria labouira patriótica galega referida á cultura, que o fai merecente ó "Premio Castelao", ano 1962.

Respostou Don Xesús Canabal, quen fondamente emocionado agradeceu en nome da institución que preside e no seu propio, o outro honror que o distingue e apula a seguir labouando a prol da grandeza da nosa patria galega, polos vicios da cultura e da súa personalidade nacional. Unha salva de

apiausos rubricou a adhesión unánime do numeroso público asistente, pola feliz designación do Consello de Galiza na singular personalidade de galego e patriota do señor Canaba.

O día seguinte, ás 10.30 hs. os membros do Consello de Galiza, rendéronlle un homaxe ó xeneral Artigas pai e señor da independencia da ración uruguiaia, pou-

sando ó pé do seu moimento unha ofrenda floral, adicando o homaxe ó señor Antón Alonso Ríos, en nome dos galegos emigrados. O mesmo día as 20 horas, os membros do Consello de Galiza tiveron unha xuntanza coa Irmandade Galeguista de Montevideo, na que trataron asuntos de interese patriótico a prol do movemento nacional galego en América.

Cuaderno de Arte Galego

Anuncian en Vigo, a creación dunha revista dunha editorial de CADERNOS DE ARTE GALEGO, editorial que terá por fito, o espallamento dos valores artísticos e arqueolóxicos do país galego.

Trátase de pequenos volumes — cincuenta títulos programados — amañados a xeito de síntese expresiva dos aspectos máis notables da creación artística o que de por si xa supón unha Historia do Arte galego desenrolada en ben documentadas e fermosamente ilustradas leccións, o que porá ó lector en contacto co suxestivo mundo da creación artística galega ó traveso dos séculos.

Os títulos da colección que a editorial teima levar ó prelo son os seguintes: Insultura rupestre; Orfebrería prehistórica; Escultura celtoromá; Ornamentación céltica; Cerámica primitiva; Arte romá en Galiza arte prerromá; Arquitectura romá; Escultura romá; Pintura mural; Arte oxival; Códices miniados O Renacemento; O barroco, Os grandes escultores miniados; O A pintura deica o século XVIII; Castelos e fortalezas; Azabachería; Os mosteiros; As catedrais; Orfebrería; Imaxinería relixiosa; O gravado; Os pazos; Escudos novilíricos; Reloxería; A miniatura; A pintura romántica; Arte moviliar; Forxa artística; Os cruceiros; O traxe tradicional; Pintura contemporánea; Escultura contemporánea;

Lenzos bordados y encaixes; O arte tipográfico; Cerámica popular; Cerámica de Sargadelos; Orfebrería moderna; Xilografía e limnoleografía; O augaforte; Cidades e povos; Arquitectura moderna; Museu de Pontevedra; Museu de Lugo; Museu de Ourense; Museu da Coruña, Museu diocesano de Santiago; Museu diocesano de Ourense; Museu diocesano de Tui; Museu de Vigo; Museu do Monte Santa Tecla; Museu Massó.

Os pedidos de suscripción podense faguer a: "Cuadernos de Arte Gallego"; Marqués de Valladares 15, 1º, Vigo. En Bos Aires a "Follas Novas" rúa Pozos 246, 3º 15.

ASESINAN A CAMPESIÑOS INDEFENSOS EN GALIZA

En Mazaricos lugar da provincia da Coruña, os campesiños do lugar atacaron con fozes ós inxeñeiros que ían facer as demarcaicións nos montes comunales pra os adicar a repovación forestal.

No incidente interviu bárbaramente a garda civil, resultando un campesiño morto e varios feridos.

Iste feito tan bárbaro en sí, pon de nota o inhumano sistema de represión falanxista —fame, cadea e chumbo— diante dun povo indefenso que ollá na emigración a única saída posible a súa anguriosa situación.

E' craro i evidente, que o povo galego non refuga a repovación forestal por canto ela supón crear fontes de riqueza que benefizan ó país. Mais ben entendido, que a repovación forestal se non pode levar a cabo sen discriminación, leisionando os intereses dos campesiños qui tandolle isas porcións de monte comunal que de sempre dispuxeron pró pastoreo do gando, toxo, combustíbel, etc., tan esencial pra súa economía dabondo empobreida.

Emporiso que condenamos o sistema totalitario falanxista que, num desprezo total polos dereitos humanos e cidadáns, ametralla ó povo indefenso que teima defender os seus dereitos.

O Centro Republicano Español e a Nosa Colexividade

No "Centro Republicano Español", apesares da triste experiencia dos derradeiros anos vividos, seguen estando en pleia vixencia a reacionaria mentalidade centralizadora, que foi un dos máis importantes factores da perda do réxime republicano. Tal afirmación fica demostrada pola aitude observada na entidade devandita, coas delegacións da nosa colexividade, que concorreren ós aitos de homaxe en honor da República de México e dun dos seus embaixadores. Alí houbo de todo, descortesía pra unha colexividade que como a nosa, foi a segue sendo o sostén dos ideais republicanos, mentras as entidades especificamente hispanas estiveron dende sempre entregadas ó réxime falanxista; falouse dos dereitos autónomos de Cataluña e do país vasco, esquecéndose en absoluto dos mesmos dereitos que lle asisten a Galiza. Alí, a incompreensión e a oculta xenreira antigalega e centralista, recreába-

se nos seus cabais e nidios dintornos.

A nós non nos suprenden as atitudes do "Centro Republicano Español", porque non cremos na sinceridade a capacidade de comprensión que senten tocante ós dereitos das nacionalidades. O que nos suprende e, que os nosos paisanos aínda non se teñan decatado dista realidade e non aítuen en consecuencia.

Os galegos somos demócratas e liberais por atávica imposición racial, e temos capacidade, orgaización e volumen dabondo pra denunciar a nosa política con total prescindencia de quens non merecen que sempre lles prestamos. Por bon senso e diñidade, terá de se reitificar o labor das nosas entidades, as únicas que poden e deben de exercer a reitoría do movemento republicano e darlle a tónica e a interpretación que o intre que vivimos reclama.

Revoldaina

O ministro de Comercio do goberno franquista Alberto Ullastres, nunha conferencia pronunciada na Universidade de Alcalá de Henares, expuxo a verdadeira situación da economía hespañola.

Comezou por estudar o principal factor negativo da economía: o baixo índice da renda nacional "per cápita" que só acadou os 280 dólares —unhas 16.000 pesetas anuais—. E como é sabido se non pode considerarse a un país en estado de madurez e desenvolvemento sen que conte cun mínimo de 500 dólares de renda...

Mais o señor ministro que ó parecer é home que lle gusta chamar ás cousas polo seu nome, afirmou que, cun grande esforzo cecáis se porían acadar os 350 dólares, "sendo ilusorio calisquera aumento por unha longa tempada"...

Pró señor Ullastres, a consecuencia da baixa renda, do povo hespañol finca no desbaraxuste das empresas pola súa inadaitación ó medio en que se desenrolan, e a tendencia prevaescente ó monopolio que mata de raíz a iniciativa dos pequenos industriais.

Naturalmente que o que cala o señor ministro é que os monopolios de marras que abranguen a grande industria, o comercio e a banca están en mans do outo clero, dos xerarcas do franquismo e de meia ducia de financistas, o que os fai donos da economía do país sendo polo tanto, os factores do atraso e a probeza do povo.

Notizas de Madrid dan conta que, actualmente, por propia declaración do bispo de Valenza, monseñor González Moleda, especialista en cuestións sociais, o número de traballadores hespañóis emigrados a Alemaña Occidental acadou a cantidades de 125.000 e, cada semana, deixan a península 500 emigrantes pra se radicaren nise país.

Resulta, en verdade, humillante a pobreza, a miseria e a falla de liberdade na Hespaña, acarón dunha Europa de post-guerra, ricaz e livre.

Europa está inzada de hespañóis. Franza, Inglaterra, Suecia, Noruega, Alemaña Occidental, Suiza e tamén a lonxana Australia ollan chegar ás súas fronteiras fatos de traballadores —homes e mulleres— que deixan o "paradiso franquista" na procura de pan e liberdade.

E a todo isto, que din os "turistas" que afirman moi fonchos, que Franco salvou a Hespaña?

A embaixada de Hespaña en Bonn, Alemaña, proxeitou a creación de seis escolas pra emigrantes nas cidades de Bonn, Colonia, Kreweld, Nurenberg, Aquisgran e Nuppertal, ás que mais en diante seguirán outras con arranxo as necesidades que os núcleos de poboación hespañola na Alemaña o fagan mester...

Coidamos que folgan comentarios encol dista breve canto reveladora notiza. Emigración, éisodo de brazos a oito empurrados pola fame, ... e analfabetismo.

E indudabel que Hespaña é o paradiso do turismo internacional. Próbao o incensante aumento de turistas —fálase de doce millóns no ano 1962— que ano trais ano chegan as súas praias cobizosas de pasalo ben ó menor custe posibel.

Hespaña, sí señores, é o país máis barato de Europa, e isto é un tidoio que ningún lo pode discutir, abofé, como tampouco o de que é o máis esfameado e o preixo do mundo occidental, base e sostén do seu turismo económico.

De Madrid, informan que os emigrantes da provincia de Salamanca que están a traballaren na Europa, remesan mensualmente ós seus familiares ó redor de 18 millóns de pesetas.

O vinte por cen da poboación traballadora de provincia emigrou ó estranxeiro —léase Alemaña, Franza, Suiza, Bexica, Luxemburgo, Suecia, Noruega, Dinamarca Australia...— desde se encetou fai tres anos a emigración laboral.

Coidamos que o franquismo xa ten o seu problema económico resolto. Co turismo barato pintoresco e eficiente baseado nos salarios de fame dos traballadores, e o turismo laboral que invade Europa, o goberno falanxista esta que chuta de outimista coa riada de divisas que a diario ingresa nos bancos.

Mais calculando que a capacidade de alquiler de hespañóis moi axiña porá sere esgotada nos países europeos, xa se está a considerar a comenza da oferta, ós países africanos...

Lourenzo Frago

ELPIDIO VILLAVERDE

O día 26 de novembro ppdo. lonxe da Terra e da súa Vilagarcía nada, morreu nista Capital a idade de 75 anos Don Elpidio Villaverde Rey.

Home dunha peza, a súa vida foi un exemplo permanente de fidelidade ós seus ideais republicáns e galeguistas.

De moi novo, Don Elpidio sinteu o chamado do seu povo, interpretando as súas angueiras económico-sociais e patrióticas que de goraba ollar realizadas a carón do réxime republicán.

Cca República foi alcalde de Vilagarcía, e deputado por Galiza, de Esquerda Republicán na derradeira xeira parlamentaria que findou coa guerra civil hespañola en xullo do ano 1936.

No orde patriótico galego, aituou afervoadamente na Comisión Pro Estatuto de Autonomía de Galiza. Ffindada a guerra civil co trunfo reación e do feixismo internacional, Don Elpidio emigrou dende Franza a Arxentina e, decote fidel ós seus ideais republicáns e galeguistas, con Castelao, Ramón Suárez Picallo e Anton Alonso Ríos, no seu carácter de deputados galegos escolleitos livremente polo povo, integrou o Consello de Galiza co

gallo de xerarquizar a Galiza emigrada na loita de recuperala República e os dereitos do povo galego a súa autodeterminación nacional.

Os restos do señor Elpidio Villaverde foron velados no casal do Centro Pontevedrés e inhumados no Panteón do Centro Galego na Cacarita.

Diante atal perda, faguemos chegar ós seus familiares o noso máis afervoadado pésame.

O CONSELLO DE GALIZA DEU O SEU INFORME ANUAL

O día 19 de nadal ppdo. o Consello de Galiza co gallo de dar lectura a un informe das labores realizadas por iste orgaismo no percorrer do ano de 1962, citou no Casal do Centro Ourensán, Belgrano 2186, ós Conselleiros e membros das Comisións de Facenda, Cultura e Consultiva. A lectura do dito informe, exten-

MENSAXE DO CONSELLO DE GALIZA

O 5 de xaneiro ppdo. o Consello de Galiza por intermedio do segredario de coordinación señor Antón Alonso Pérez, deu pola onda de Radio Rivadavia un saúdo fraternal a todosos galegos livres do mundo co gallo de se encetar o novo ano de 1963, i en lembranza emocional do grande guiciro Castelao.

...O Consello de Galiza, en oportunidade de encetarse o ano 1963, programa unha vez máis súa fé inquebrantabel nos grandes destinos de Patria, e reitera a súa firme vontade de seguir loitando pola nobre causa de povo galego, tal como concretara seu pensamento e constituira seu ideal o mestre esgreivo, fundador diste orgaismo, Alfonso R. Castelao, de cuio pasamento á inmortalidade comprese pasado mañán, o décimo terceiro cabodano.

Decrara tamén o Consello de Galiza, que iste espírito de loita i esta vontade de acción, se ven reforzadas pola decisión unánime de todas as súas comisións, reunidas en memorabel xuntanza o día 21 do pasado mes de nadal, en cuia oca-

sión, despóis de tomarse coñecemento do aituado, resolvéuse incrementar a acción en estreita colaboración coas entidades democráticas da coeividade, e levar isa acción e isa cooperación o máisimo posibel, tanto respecto dos nosos irmáns que loitan e traballan no interior de Galiza, como así tamén cos patriotas Vaskos, Catalans e demais povos de Hespaña.

Quizaves compre tamén insistir aínda unha vegada máis, para o rexistro histórico, que o Consello de Galiza nin siquera maxina que poida imprantarse na nosa Terra, unha ampría autonomía democrática fora dun réxime republicán, e que, do mesmo xeito, non concibe nin lle intresa, un sistema de goberno que nos regatee as ló-

xicas e xustas liverdades nacionaes. Iste mensaxe está, por suposto, adicado especialmente aos galegos de ideais democráticos, tanto aos que sofren baixo a cruel tiranía franquista no chan querido da Patria, coma aos que viven na emigración, ou se encontran en forzado esilio pelegrinando por todosos camiños do mundo.

...Irmáns na Terra: que niste ano 1963, o brillante sol da liberdade crebe as brétemas sobor de nós, i os seus raios de fogo aumeen ó noso querido chan galego, deixando atrás para sempre, a longa noite mouro da inominia, representada pola ditadura que couta de raíz as nosas máis nobres e máis caras ilusións... Queiran os ceos que a nosa Terra i o noso povo, conquiran, dentro disa liberdade, a maior prosperidade i a meirande felicidade... Quiera Deus que asin sexa... Nada máis... ¡¡TERRA A NOSA!!

¡¡VIVA GALIZA!!

LINO PEREZ E XOSE IGLESIAS RIVADULLA FORON EXPULSADOS DE "IRMANDADE GALEGA"

Na asamblea Xeral de Irmandade Galega realizada o día 19 de Decembro ppdo, foi considerada a situación dos señores Liño Pérez e Xosé Iglesias Rivadulla, na súa condición de afiliados suspendidos desta Irmandade.

O señor Liño Pérez foi sancionado por acordo da Comisión Directiva de Irmandade Galega na xuntanza do día 24 de Novembro

de 1961, por mor da súa conferencia "La verdad sobre España y la ayuda norteamericana", lida na "Casa de Galicia"; e tendo en conta o repudio unánime que se puxo de manifesto na Asamblea Extraordinaria celebrada o día 3 de Novembro do mesmo ano, en concordanza coa posición inicial da C. Directiva, resolvouse suspender transitoriamente ó señor Liño Pérez

UNHA CATEDRA DE LINGOA CALEGA NA UNIVERSIDADE COMPOSTELAN

Depois de longos anos de reclamacións en todos os tons i en todos os xeitos, acaba de correxirse un deses asurdos que caracterizan sempre os gobernos centralistas hespañóis. Diante a presión reiterada do estudiantado i o pedido da maioría dos Decanos das distintas Facultades, foi creada unha cátedra de Lingoa Galega na Universidade Compostelán.

Veila angueira de todosos intelectuais galegos que non viven de costas a Terra, o funcionamento de esta cátedra foi un oxetivo arelado por toda Galiza, pois a traverso dela xurdiran prestamente xeneracións de lingüistas que pasarán a esculturar i estudar o rico patrimonio que é a nosa lingua, e permitirán un mellor estudo de Galiza nas súas múltiples facetas nacionais. Esa cátedra, axitadamente ourentada, terá de ser o órgano natural para establecer unha comunicación directa entre a Universidade Compostelán e a sustancia viva da nosa realidade cultural e social, trocándose así nun dos resortes maestros para que esa Universidade se transforme nun instrumento activo da cultura galega, que vale decir do futuro desenvolto da nosa vida como povo diferenciado.

A gran acusación dos galeguistas e de todosos homes cultos con senso i-eistranxeiros— foi sempre a tremenda desvinculación da Universi-

dade Compostelán coa nosa realidade cultural e nacional, cando non un enemigo declarado delas. Foi así posible que en anos ben pertos —onte poderíamos decir— sabios eistranxeiros que acudiron a ela desexosos de porse en contaiño coa realidade cultural galega e profundizar o estudo do noso idioma, escoitaron asombrados a "sesudos" porfesores i "eficientes" empregados técnicos decir que o idioma galego non tiña eispresións culturais e que soio se falaba en aldeas remotas, por palurdos iñorantes (?)

Sabemos ben das limitacións que acharán as xentes que dende esta cátedra de Lingoa Galega desexen desenrolar a gran labouira que Galiza espera dela, e non nos facemos demasiadas ilusións sobor da súa labouira inmediata. Pro a creación d-esta cátedra foi sempre unha arela do galeguismo e de todas as xentes que peneiran arelas de progreso e liberdade para a nosa nación, e por elo saudamos con esperanza a súa creación, xa que o seu funcionamento irá formando as bases que permitan, nun réxime de liberdade recuperada, a grande e meritória labouira que todos esperamos.

rez na súa condición de irmandiño até a primeira Asamblea Xeral que resolvería en definitiva a situación futura deste afiliado.

En canto ó señor Xosé Iglesias Rivadulla, eis as causas de tal medida: Perante os repudiábeis acontecementos do "CENTRO GALEGO" ocorridos no mes de Marzo do ano 1962, onde compoñentes da C. Directiva de dita entidade agasaláron ó diplomático do réxime ditatorial imperante na Herpaña, o Cónsul Xeral, Miguel de Logendí, co gallo do seu traslado, i en cuio agasallo participou dito señor, a C. Directiva desta Irmandade citouno por meio de carta certificada pra xustificar a súa atitude, e ó non comparecer, esta achouse na necesidade de considerar confirmadas as circunstancias que rodearon a súa participación no lamentábel acontecemento do Centro Galego; en consecuencia, na xuntanza do día 8 de Xuño de 1962, a C. Directiva resolveu tamén suspender ó señor Xosé Iglesias Rivadulla na súa condición de irmandiño até a primeira Asamblea Xeral que tomaría a decisión definitiva.

Asín, pois, considerando os antecedentes antidemocráticos e de negación dos ideais de liberdade de Galiza que informan a aituación dos señores Liño Pérez e Xosé Iglesias Rivadulla, a Asamblea, por unanimidade, resolveu expulsalos como afiliados da Irmandade Galega.

"Dis que Galiza é moi pequena? Eso depende do tamaño do teu espírito. Canto máis pequena teñas o espírito máis terra precisarás. Se Galiza che parez pequena é porque non tes azos para concebir nada grande".

Teñamos, pois, o espírito grande para sentirmos orgullosos de ser fillos d-unha Terra pequena. Por que ou non é verdade que a persoa idade da nosa Terra sexa un feito ou a súa alma resplandecerá pol-a grandeza da alma dos seus fillos.

CASTELAO

O CENTRO OURENSAN ESCOLLEU NOVAS AUTORIDADES

O vernes 29 de setembro ppdo. o Centro Ourensán realizou Asamblea Xeral pra escoller novas autoridades pró goberno da entidade no novo período que se enceta, ficando constituída a nova Comisión Directiva polas seguintes persoas:

- Presidente Antón R. Rodríguez;
- Vicepresidente Antón Losada;
- Segredario Afonso Fernández Prol;
- Prosegredario Carlos Vázquez Richart;
- Segredario de Aitas Edoardo Vázquez;
- Tesoureiro Francisco Fernández;
- Protosoureiro Manoel Freijo;
- Contador Manoel Losada Fernández;
- Intendente Sede Ramón Pérez;
- Intendente Quinta Anxel Nodar;

Vocais: Antón Alvarez, Santos Blanco, Claudio Fernández, Xosé González Novoa, Xosé González, Lucinio de la Iglesia; Vocais Suplentes: Manoel Calviño, Eloi C. Coello, Uxío Rodríguez, Xesús Sinde Lobato, Anxel Viso.

Decoramos prás novas autoridades dista meritória institución galega, os meirandes éisitos no seu mandato.

A GALIZA EMIGRADA LEMBROU A CASTELAO

O domingo 6 de xaneiro, co gallo de se cumprir o XIII aniversario da morte de Castelao, a COMISION INTERSOCIETARIA GALEGA coa adhesión do Centro Galego de Buenos Aires, rendíulle un afervoado homaxe no Panteón Social de dito Centro onde se gardan seus restos.

No nome do Centro Galego falou o vicepresidente da entidade, señor Eduardo R. Sánchez Millares, que labrou unha inspirada lembranza do grande patriota galego. Após, o Segretario do Consello de Galiza, señor Antón Alonso Ríos, refírese a Castelao emigrante, cando por primeira vez ando sendo inda un neno chegou a Buenos Aires e a súa extraordinaria proxección no patriótico labor de soerguer a personalidade nacional da Galiza a prol da súa autodeterminación.

A seguido, o público presente encamiñouse até o sartego que garda os restos de Castelao onde foron pousadas sendas ofrendas froaas do Consello de Galiza, Centro Galego e de Comisión Intersocietaria Galega.

O AITO DO VERNES 11 NO CASAL DO CENTRO OURENSAN

Continuando cos seus aitos programados en homaxe e lembranza de Castelao, a Comisión Intersocietaria Galega realizou nos salóns do Centro Ourenseño o segundo aito o vernés 11 as 22 horas. Deu comezo iste coa proxección dunha documental cinematográfica na que se mostra a chegada de Castelao a Buenos Aires e diversos aspectos da súa maravillosa aitoación na colectividade, así como tamén o dórido sentimento popular da Galiza emigrada do seu pasamento a inmortalidade.

MORREU MANOEL SALLERES

Inesperadamente, faleceu nesta cidade, dun síncope cardíaco, o noso benquerido amigo e compatriano Manoel Salleres Pastor, e con ele, ben podemos afirmar que se foi un anaco vivente da historia do nacionalismo galego en Bos Aires, nas súas máis difíceis e arduas xerías que comenzaron a se manifestar aló polo ano 1917, precursoras da eclosión política da Sociedade Nacionalista Galega "PONDAL" e o seu voceiro "A FOUCE", movemento de fonda raíña nacional galega, que tanta gravitación había de ter no devir político e patriótico da nosa colectividade.

Galego dunha só peza, Manoel Salleres foi unha figura singular, un alegato en permañenza no movemento galeguista da emigración. Fino e agudo dialéctico a carón dunha Galiza enxebremente galega e dona de seu, á cal adicou todos os seus millores folgos, pois viveu en galego e pra Galiza. Tal foi o seu estilo.

Nasceu este patriano galego na coruñesa e mariñeira vila de Sada, próisima á cidade herculina. Por iso que o seu coruñesismo, ademais de enxabrista, sentiaio urbaio, capitalino; e a saudade levouno a peñar un paralelismo emocional ante a Av. de Mayo, porteña e galega, e os evocadores Cantóns coruñeses...

A morte sorprendeuo a punto de se findaren os trámites xubilatorios, pra se reintegrar a Terra que ele tanto amou, após dunha alongada e agoirante ausencia de máis de medio século na emigración.

Que acougue en paz o noso benquerido amigo e irmán nas arelas da Patria; e reciban os seu familiares as nosas sentidas condonencias.

Logo fixo uso da verba, o señor Ricardo Palmás Casal, mozo arxentino e destacado dirixente de "Aren-Mar" Asociación Argentina de Fillos de Galegos, quen nun breve máis xurdió discurso expuxo a posición da súa xeración, a xeración moza, que lle non foi doado coñecer fisicamente a Castelao, o vello loitador dos dereitos do povo galego.

I é así, que consentes da trascendencia dista singular figura, estudan o seu mensaxe político, "SEMPRE EN GALIZA", como antecedente histórico da aital problemática do galeguismo.

O findar o señor Palmás Casal a súa disertación recibiu a adhesión do numeroso público presente.

Fechou o aito o señor Rodolfo Prada cun eistenso e conceptual discurso ategado de imaxes do grande patriota, colleitando por elo, ao traveso da súa documentada disertación, afervoados aprausos.

Naturalmente que o señor Prada no seu carácter de amigo persoal e admirador de Castelao, ter autoridade dabondo pra nos falar arreo dista estraordinaria e polifacética personalidade galega quen, pola súa dimensión racional axigántase cada vez máis no tempo e nos anseios espranzados do povo.

O AITO DOMINGO 13 DE XANEIRO NO PAZO GALEGO

Ao pé do monumento que recorda a figura de Castelao no Pazo Galego do Centro Pontevedrés, o domingo 13 de xaneiro tivo lugar o derradeiro aito dos organizados pola Comisión Intersocietaria Galega.

Depois de se colocar ofrendas froaas en nome do Consello de Galiza e da entidade organizadora entonouse o Hino Galego e a continuación o señor Cándido Rey abreu o aito presentando o doutor Corbacho Monteagudo.

Deu comezo iste ó seu discurso dando forma a un enxundioso estudo encol da singular personalidade da Castelao. Dixo o Dr. Corbacho:



Ofrendas froaas da Comisión Intersocietaria Galega, Centro Galego e Consello de Galiza moito de homaxe a Castelao, no panteon do Centro Galego

"... Castelao ven a ser no intre que lle tocou vivir, eisprección dunha galegidade xa madura, definida, con personalidade propia e ouxetivos claros e precisos e, nunha vez morto, —; estes mortos nunca endexamais murren!—, é o xermen e viveiro das xeneracións vindeiras, pra que o pulo que lle deu a nación galega non sexa esforzo inú-

tile, e poidamos así disfrutando da liberdade, que a il solo lle foi doado presumir perto, ter o lecer de vivir nunha Galiza na que sexa posibel a evolución natural do seu inxenio creador sen que nalde a coute, determiñe ou ourcunte, a non ser a xenialidade e o traballo fecundo dos seus fillos..."

"... Eiquí, pois, diante dista

estatua que lle ergueron en mostra de cariño e gratitude moitos galegos de Bos Aires, nista data de esperanza e dór pra todos nós, fagamos un solene compromiso de loitar polo compreta e absoluta redención de Galiza co mesmo espírito de sagrefizo que fixo il até que fiquo cumprido o seu derradeiro desexo, testamento de todolos galegos:

- Autonomía Integral de Galiza pra federarse cos demais povos de Hespaña.
- República Federal Hespañola pra federarse con Portugal.
- Confederación Ibérica pra ingresar na Unión Europea.
- Estados Unidos de Europa pra constituir a Unión Mundial.

"Entón poremos xa dicir orgullosos que cumprimos con Galiza e honramos a Castelao..."

As derradeiras verbas do orador que puxeron fin a tan xurdiá interpretación da personalidade do grande Castelao foron premiadas con afervoados aprausos.

O CONSELLO DE GALIZA DESCOBRIU UHNA PRACA

O Consello de Galiza acordou de lle render un homaxe ó noso guieiro Castelao, na Casa de Galicia de Montevideo, onde foi fundado dito orgaismo, en Novembro do ano 1944, e con ise gallo, o día 12 de Outubro derradeiro trasladáronse a isa cidade os conselleiros señores Antón Alonso Ríos e Ramón Suárez Picallo; i en representación da Irmandade Galega de Bos Aires, os señores Antón Represas Varela, Vice-Presidente da entidade, e Moisés da Presa.

As dez horas a C. Direitiva da Casa de Galicia invitou á delegación a facer unha visita ó Sanatorio Social que posuo a entidade nas aforas da cidade, sendo recibidos polo corpo médico en p.eio. Nise intre, o señor Antón Alonso Ríos, dixu unhas verbas de lounanza pola enaltecedora obra de axuda mútua e de afirmación pa-

tríotica galega levada a cabo polos emigrados. Depois, os membros do Consello de Galiza, Ramón Suárez Picallo e Antón Alonso Ríos, firmaron no libro de ouro de visitantes ilustres do referido Sanatorio Social da Casa de Galicia da capital uruguia.

As doce horas, de-volta na sé social da Av. 18 de Xulio, en presenza das autoridades da entidade e de numeroso e calificado público, realizouse o homaxe a Castelao, consistente nunha fermosa praca de bronce que descubriu o segretario do Consello de Galiza señor Antón Alonso Ríos, cujo texto é o seguinte: **Homaxe do "Consello de Galiza" fundado polo mestre insigne niste sobrado da Casa da Galicia o día 15 de Novembro de 1944 Montevideo, Outono de 1962.**

A seguido o Doutor Ramón Suárez Picallo pronunciou un magnífico discurso, eisaltando a estraordinaria personalidade de Castelao, como mestre e guieiro do seu povo. Fechou o emotivo e patriótico

aito o bibliotecario da entidade, señor Manoel González Noia, quen, nun afervoado galego espre-sou a fonda satisfacción e o outo honor de ser a Casa de Galicia de Montevideo a sé onde tivo lugar o feito histórico da fundación de Consello de Galiza, polo esgrevio e insiñe patriota galego, Castelao.

As trece horas, nos salóns da entidade serviuse un xantar do cal participaron máis de cincocentos comensais, sendo amenizado por un enxebre conxunto de gaiteiros.

Os postres, o presidente da institución, señor Anxel Martínez Barros, pronunciou un enxundioso discurso que o público asistente premiou con unha estrondosa salva de aprausos. Seguíulle no uso da verba Ramón Suárez Picallo quen, coa veterana xerarquia a que nos ten acostumados, trasmittiu ó numeroso auditorio un afervoado mensaxe de galegidade, fechándose así iste trascendente aito que, polo seu volume e representación, foi unha afirmación pleia de galenguidade.

AXUDEMOS A ACADEMIA

Como é sabido, a Academia Galega veu arrastrando dende a súa fundación unha vida precaria, como consecuencia natural dos seus limitados recursos económicos; pois debemos por en claro, que este instituto instalado nunha dependencia do pazo municipal coruñes, moi reducido por certo, non contou até o dagora máis que con unha ridicula — polo insignificante— axuda do Estado hespañol, que deste xeito, veu enchendo un formulismo de protección á cultura galega, cando que, ben o sabemos os galegos, o centralismo foi e segue sendo o nemigo potencial dos degaros culturais e políticos da nosa patria.

E' así, que coa vinda a Bos Aires en xullo pasado, do presidente da Academia Galega, doutor Sebastián Martínez Risco, invitado de honor do Centro Galego, co gallo de participar nas xornadas patrióticas galegas, ó porse en contacto coa colectividade, expuxo con clarezza a anguriosa situación económica porque atravesa este orgaismo representativo da

nosa lingua, impodente por falla de meios, de levar a termo as súas distintas tarefas culturais, de imposter-gábel realización.

Como resulta destes contactos cos organismos da nosa colectividade, e meiado unha carta da devandita Academia enviada ó Centro Pontevedrés na que esprica a súa crítica situación económica, agravada pola circunstancia do seu traslado ó novo casal, doado xenerosamente por doña Branca Quiroga Pardo Bazán, filla da esgrevia escritora doña Emilia, esta dinámica e esforzada entidade galega ergueu bandeira, convocando á colectividade a unha magna assemblea da coal xurdirían os liñamentos que terían de por en pé de axuda á Academia Galega.

A colectividade respostu xenerosa e patrióticamente ó chamado dun orgaismo que ten en col de sí a responsabilidade de esgrevias aportacións ó noso idioma e a nosa cultura; e agardamos que esta axuda serva doadamente a tais angueiras patrióticas.

LUIS SEOANE

Por CLEMENTE LOPEZ PASARON

Nunha obra de Luis Seoane editada no ano 1959, figuran vinte títulos na lista de "Obras do autor".

Nesta lista fallan muitas obras: fallan as probabeis trinta exposicións cutamente sinificativas, coa súa lección de constante superarse.

Fallan as revistas de arte e literatura que trouxeron o ambiente porteño mediatizado e mostrenco, un acento estético e renovador descoñecido até entón en Bos Aires, con excepción das publicacións de arte de tiraxe limitado, destinadas a minorías.

Fallan as editoriais fundadas baixo a súa inspiración e que, logo do pulo inicial, locen oxe un vigoroso deserro; e aínda nos queda por nomear, as obras de rara e difícil reedición, que tiveron realidade gracias a inqueданza de Seoane.

Fallan asimade, a lista de muras que locen súa sobria galanura no Teatro General San Martín; no Centro Lucense e en numerosas galerías e casas de renda de esta Capital.

Todo Isto nun decorrer de veintecmo anos de labourar constante de xornaleiro do espírito. O día que se faga unha resena da cultura argentina no derradeiro carto de século, poderá comprobarse que o nome de Seoane, estivo sempre presente en todo aneio por elevar o nivel cultural do país: narrador;

poeta social; grabador; ilustrador eximio; pintor de prestixio internacional, aínda fai pouco foi laureado no estranxeiro, destacándose o seu nome nun grupo dos dez millores grabadores da Arxentina.

Tócanos oxe destacar como culminación de súa laboura, o premio "Palanza 1962", otorgado a Luis Seoane pola Academia Nacional de Bellas Artes, seleccionando a súa obra entre un grupo de dez concursantes presentados pola magna Institución.

Toda esta tarefa creadora ten un outo valor pra nos pois, Seoane neste ambiente cosmopolita de Bos Aires, soupo (Sempre en Galicia), conservar un acento propio; unha personalidade mantida a cotío, desde aqueles mariñeiros e labregos herrois do traballo na Terra, da primeira hora, até as realizacións de oxe, síntesis plásticas, logradas en armoniosa arquitectura espacial e cromática, tendo como fondo, como raigame, a realidade étnica da eterna Galicia súa nai.

Neste intre en que as artes porteñas debátense nun proceso de disolución, en abstractismos estériles sin comunicación posible co ser humano, en realizacións máis pripias de trapeiros e "ciruxas", que osan luxar os muros de Florida, chamándose a si mesmos "artistas destructivos", resulta verdadeiramente alectonadora, a actitude de Seoane; o aspecto positivo da súa obra tan plástica, tan humano, e tan galega.

PARDO DE CELA

Todos quixeramos que os homes tiveran inventado a máxica fórmula dunha convivencia xusta entre eles. A realidade humana é ben distinta. A ascensión do home á civilización e a civilización é lenta e doosa. A historia comeza, cando se sente seguro de si mesmo na natureza, coa imposición violenta dos individuos sobre outros. Este é o signo da historia.

Subdividida fatalmente a sociedade, os feitos do seu decorrer histórico xurden inevitavelmente viciados de tendencia social da crase ou individuos que os executan. Pero os feitos teñen un tempo de trascendencia na vida dos povos. A vegadas, esa tendencia social supón un xeito de vida, unha disciplina de convivencia. Entón aqueles cobran releu e proxeccións históricas maiores. Outros, en troques, fallos dun fin concreto, ficán illados como un aceró ó ar, sin consecuencias no acontecer colectivo.

A invasión dos povos xermánicos, produza a desfeita do corrupto Imperio Román, e a creba das súas institucións xurídicas. Coa chegada dos xermans fai aparición un novo tipo humano, elemento decisivo no ciclo histórico que se avexia. O guerreiro do norte, que impón os demais o dereito da súa autoridade, logo "señor" de terras conquistadas lanza en man e defendidas de igual forma. O dominio de terras, non a súa labranza, constitúe o señorío.

Esta acción, que tanto pode repunarse á nosa conciencia —craso sin previo análise da época que vivimos— deu orixe ás normas xurídicas que, posteriormente, regularon as relacións de nobres e señores; é dicir, a sociedade da Edade Meia. Con elas ábrese a verdadeira etapa criativa do feudalismo. Tan inxustamente subestimados aqueles magníficos señores da Edade Meia, ademais de vitalizar a civilización occidental, crearon ciencia e admirables formas de arte. Mais sobre todo, foron capaces de daren ser ás novas nacionalidades do mundo europeo. A nosa Galiza,

vive nese tempo lonxano os seus séculos dourados.

Pois ben, cando ao final do feudalismo Pero Pardo de Cella e outros nobres señores galegos se opoñen ós desíños da monarquía centralista, están defendendo as institucións herdadas, o mesmo que hoxe os demócratas burgueses defenden as súas do socialismo economicamente nivelador. E, por ende, a soberanía da nacionalidade galega, obra dos seus antergos, contra o ameazante poder uniformador do gran Estado. Efectivamente, derrotado Pardo de Cella e decapitado en Mondoñedo como inimigo político dos reis Católicos, fica tronzado o destino nacional de Galiza.

Esta é a doosa realidade histórica. Ninguén pode negala. A nosa interpretación, ademais, concorda coa tradición oral de Galiza, que non esalta un mito senón un feito real de funestas consecuencias para a evolución posterior do país galego.

A NOSA GALIZA

(NUESTRA PATRIA)

REGISTRO NACIONAL DE LA PROPIEDAD INTELECTUAL (en trámite)

Director: BIEITO CUPEIRO

Redacción: AVENIDA BELGRANO 2186

COLONIALISMO E NACIONALISMO

Por BIEITO CUPEIRO

Despois de caseque oito anos de dura e sanguifenta loita pola súa independencia, Arxelia a colonia francesa norafricana olla chegados a felis termo os seus degoiros de emancipación nacional e axéitase a enroitar o vieiro dos povos ceibes.

A liberación arxelina sinala a caída do imperio colonial francés. Aí sin honor e sin gloria, amotrando á face do mundo apoucado día váise dereito a única lei de todo réxime colonialista é o terror a forza bárbara e primitiva a violencia cruel e deshumanizada. As ruas e prazas, o chan todo do país arxelino régase a cotío co sangue dos mártires e dos hérois saqueados pola folla de odio que xurde da impotencia dos seus verdugos para deter os anxeos de liberdade dos fillos de Arxelia.

Vivimos sin dúbida nunha época de transición; estamos asistindo ó alboraxar dun mundo no que cada día váise afinando máis e máis o dereito das nacións o que o poeta da raza calificou de "libre e nova vida". O dereito de autodeterminación vai deixando de ser unha teoría abstracta para se ir impondo de xeito efectivo na maior parte dos outrora continentes coloniais de Asia e Africa. Novas nacións aínda non ben calladas no tocante os particulares atributos de xeografía raza etc., que a toda nación configuran, orgaizanse en estados libres e van na procura dos seus desíños pola espranzada roita do progreso e da cultura.

Xurde con pulo crecente e anovado un novo nacionalismo. Mais un nacionalismo san, xeneroso e kermolador. Un nacionalismo que volta a lle dar a ista verba o seu verdadeiro vaor semántico despois e haber sido tan indebidamente asañada polo fariseismo político dos tempos atuais porque compre acerrar que non é o mesmo o nacionalismo dos oprimidos, iste, é o meirande xermolo criado do espartar do sentimento democrático dos povos dende o pasado século. Mais compre reconecer que o nacionalismo oprimido, iste, é o meirande xermolo criado do espartar do sentimento democrático dos povos dende o pasado século. Mais compre reconecer que o nacionalismo oprimido, iste, é o meirande xermolo criado do espartar do sentimento democrático dos povos dende o pasado século.

xa que democracia ten de ser sinónimo de liberdade non somentes para o home illadamente senón para a comunidade a que por lei natural ise home pertee, proba delo foi que o nacionalismo oprimeiro da Franza napoleónica orixinou por reacción o afastamento dos povos europeos oprimidos como hoxe o nacionalismo colonialista das potencias europeas enxendrou o desbordante nacionalismo libertador das colonias de Asia e Africa.

Toda teoría uniformista e centralizadora leva implícito un sentimento e un feito reaccionario porque centralizar presupón asoballar os dereitos e as liberdades das nacións e dos povos que por natural condición de xeografía raza cultura idiosincracia etc. non se axeitán ó módulo exemónico central. Así pois por antitesis lóxica nós, que teimamos emancipar a Galiza da tiranía centralista facemos o mesmo tempo unha positiva contribución ó afinamento da verdadeira democracia no ámbito peninsular.

A realidade que xurde de Arxelia e demais aconteceres do mundo actual é a meirande demostración de acerto dos nosos ideais encol da reivindicación dos dereitos dos povos oprimidos e veñen a destruír as teorías uniformistas ó uso nos derradeiros do século pasado e comenzos do presente que coidaban que o emprego dun idioma comun universal o amorear as nacións en grandes concentracións de poder eran alicerces da paz e liberdade tanto tempo degoiradas. A realidade demostrou todo ó contrario. Os grandes Estados son os que enxendran de xeito inevitabel o afán imperialista porque a forza expansiva que os caracteriza lévaos máis cedo ou máis tarde a tiranizar ós seus veciños pondo en práctica a política do mais forte. En troques a plea vixencia dos dereitos de autodeterminación das pequeras nacións enroita as relacións internacionais polo seu canle natural afinado en armonizar o mutuo respecto entre países desemeillantes máis non antagónicos. Soio na liberdade e na mutua comprensión teñen de se dar as condicións ideais para unha xelra de fraterna convivencia asegurada con elo a paz a liberdade e a verdadeira democracia que nada ten en comun coa "fariseocracia" tan ó uso nos tempos que nos toca vivir.

Memorias dun Neno Labrego

Por Xosé Neira Vilas

"Eu son Balbino... Un rapaz da aldeia. Como quen dis, un ninguén. E ademais probe".

"Qué saben desto os nenos da vila? Eles iñoran o que eu penso mentras boto ó corpo un garucho de caldo con broa. Ou o que sinto cando estou no monte pingado, aterecido, vendo por entre a chuvia un fantasma bretemoso en cada arbre".

Iste é o persoaxe...

"A aldeia é unha mestura de lama e fume, onde os cás oubean e a xente morre" "cando está de Deus" como dis miña madriña. Os rapaces somos tristes e hastra rimos, pero somos tristes. Temos a probeza e os trafegos aniñados nos ollos".

Iste é o escaerio...

Xosé Neira Vilas, labrego enxebre sen volta, sen volta nen pose intelectual, é un mangado de terra mollada do Ulla.

Mozo, emigrou, e con ele trouxo nos ollos a tristura melancónica dos nosos labregos.

Endebén, o seu non é un relato ó xeito valle—inclanasco de trasnos, moínantes, barraganas e señores feudaes decadentes. Tampouco é unha sinxela e aneidótica narración pra entreter debullando ledas lembranzas da nenez, que é un drama, o tremendo drama de dous millóns de campesinos galegos sen terra, oprimeos nas poutas da probeza, da iñorancia e da desesperanza, cúa única saída é a emigración.

Emporiso que Balbino non é un neno rebuldeiro. E' triste, precosamente reflexivo, que aniña no seu complexo esprito infantil pulos de rebeldía.

Alporízase contra a arbitraria imposición dun loito sen termo que nin entende nin se esprica, mais que lle impón unha chousura infranqueabel ós seus degaros de choutar cos rapaces, de bulir nas romarías tralas canas dos foguetes fre as folladas e adoviarse do vello no entroido... "Eu non ti ven a culpa de que meu tío Braulio quedase esmagado debaixo do carro...".

Sublévao a probeza esfameada dos seus pais que olla homildes e osequisos diante do señor que lles leva a metade das colleitas... "A mamá sentalle mal a broa pero non podemos mercar pantrigo...".

A relixión coas súas coresmas, seus Cristos sangantes, a ameaza permanente da morte, do inferno e o purgatorio, abáfao nun pesimismo angurioso. "El fin del cuerpo aquí lo tenéis y del alma según obreis. Como me ves te verás...".

Ele é un neno e non pensa en morrer. Ten unha cobiza: medrar, chegar a home pra se vestir a cotío "con roupa de gardar e zapa-

tos: dárese enchentes de pantrigo queixo e compango todos os días, como o seu irmán Miguel en América...".

O desgraciado incidente tido con Manolito, o fillo do señor, dond da terra, colle un patetismo tan dramático que mesmo semella unha páxina tirada dun libro de Gorky ou Chejov.

Ha sere o pai quen leve o seu fillo diante do señor feudal quen lle impón o brutal castigo de sere azoutado na súa presenza.

O castigo foi cruel e homillante. E máis homillante aínda por sere seu propio pai o brazo executor, polo que adoeceio de carraxe, cospelles no rostro a ambos...

Cando no leito recobra o senso polo inhumán castigo rescibido, non repara nas dores do corpo. E' que lle doi tanto a alma...

"Pachin", o cadelino de Balbino é un relato dunha tenrura comovedora. E' o seu único amigo, e polo só feito de non sere humano, ecéais por iso, era o único que o entendía.

A morte do padriño é dun dramatismo aterecedor, polo seu patetismo.

A solidariedade dos veciños diante da morte ponse de manifesto nise intre. Namentras os deudos están entregados a súa dor, os veciños dispoñen de todo, até do enterro...

Niste pequeno e fermoso libro de Xosé Neira Vilas, que ben poidera sere autobiográfico, que atal se deixa ollar polo seu realismo no adentrarse con tanta fidelidade na difícil e complexa humanidade infantil de Balbino; na doada i espresiva descripción da paisaxe, das romarías e procesións con todo o seu tipismo e corido; das cousas e sucesos nise pequeno mundo que é a aldeia onde a choiva e a brétema, a neve e o frío, o val e a montana, o río, o piñeiral, as sementeiras, e o verde dos campos, o gando, os veciños cos seus atafegos, o señor da terra e máis o Manolito, o crego, o nacer e o morrer, o inferno e o purgatorio; son os elementos esenciaes que o compoen, e, nembargantes o seu realismo campa no percorrer das súas páxinas unha lene brétema de poesía e humor, iso humor tranqueiro tan consustanciado coas nosas xentes en especial as do agro, que ecéais lles devén do mesmo sufrimento, no cotián dialogar coas propias mágoas... E coas dos demais... Todo elo, contado nun idioma popular, riaz de espresión e plasticidade, sen durezas, onde cada palabra ten o seu xusto valo, como compre ó vello idioma da vella terra do Ulla.

Ilustrou Seoane. Imprintou Editorial "Follas Novas". Bós Aires. M. da Presa.

Nembargantes, unha crítica actual, realizada entre nós con alarde de acción patriótica, acaba de intentar a destrución do "mito Pardo de Cella". Refugámola por considerala pseudo-historia. A vaoración dun acontecemento histórico deixa de sere fidel si previamente non se é capaz de reconstruír a vida da época a cal pertence. Interpretar a Pardo de Cella sin despoixarnos da conciencia política —tan radicalmente oposta á Edade Meia— e ó senso de patria do noso tempo, é tarefa negativa. Si ó feito en si e as súas consecuencias na vida do povo, denantes íntresan os gallos, "os porqué e o fixo"; si a vaoración histórica dunha atitude se prefire o alarde de enumerar vicios, defeitos, immoralidades do tal persoaxe, a historia trócase en algo así como nunha vulgar chismografía de comadres.

Pro aínda no suposto caso que a rebeldía e o saquefizo de Pardo de Cella careceran de sinificación histórica, ficarianos ós galegos como o derradeiro signo da nosa barileza racial. Porque após da súa caída o noso país entra na súa indifinante da sumisión silenciosa, frente ó aldraxe e a calumnia. E queremos pechar este comento manifestando que si no se cre nun persoaxe do noso pasado, non é honesto nin tampouco patriótico desenterrar a súa memoria co ouxeto de destruíla.

"SEMPRE EN GALIZA"

2ª EDICION

O Centro Ourenseño, isa magnífica institución provincial de tan requintada sensibilidade galega e pola cal Castelao sentía verdadeiro agarimo, finda de tirar do prelo a segunda edición do libro "SEMPRE EN GALIZA", ista vez aumentada en sete capítulos inéditos que completan seu maravilloso mensaxe de orientación política e artellamento da nación galega polo vieiro da súa autodeterminación. É por elo que Castelao refuga o rexionalismo pimargalliano, como tamén o réxime de Estatutos da República do 31, xa que non pasan de seren autonomías administrativas rexionales, que o problema é outro: problema de nacións —Galiza, Cataluña, Easkonia— é o que hai que resolver artellando unha Federación de Nacións Ibéricas mandendo cada unha das nacionalidades federadas a súa soberanía natural.

Felicítamos afervoadamente o Centro Ourenseño pola publicación da segunda edición de "SEMPRE EN GALIZA", xesto patriótico iste que pon de noto a permanente inqueda dista galeguísima entidade a prol da cultura e dos principios e fundamentos que informan os outros ideais dunha Galiza libre e gobernada de seu.

A Irmandade Galega Deuse Novas Autoridades

A "Irmandade Galega" celebrou Asambleira Xeral o día 19 de Nadal pasado, e nela escolleu novas autoridades que rexirán a entidade na nova xeira que se enceta, recaíndo a desinación nos seguintes irmandiños:

Presidente	Antón Represas;
Vicepresidente	Lois Guede;
Segredario Xeral	Ricardo Palmás;
Segredario de Reacións	Aiberte Cabrera;
Segredario de Aitas	Celia Fernández;
Tesoureiro	Ricardo Flores;
Vocais Titulares: Bieito Cupeiro, Antolín Dios, Manoel Pedreira, Manoel Baño, Xesús Sinde e Moisés da Presa;	
Vocais Suplentes: Raúl Arias Novo e Leonardo Pereira;	
Revisor de Contas: Antón Gómez e Francisco Fernández.	
Consello de Orientación: Daniel Calzado, Manoel García Ance-ráns, Valentín Fernández, Antón Díaz, Antón Alonso Pérez, Lois Fuentes, Antón Rodríguez, Xosé Gayoso Frías, Xosé Rodríguez, Xervasio Paz Lestón, Manoel Martínez Lamela, Antón Alonso Ríos, Pena Silva e Antón Gómez.	